



FONDO SOLIDARIO E AXUDAS MATERIAL ESCOLAR CURSO 2023/24

As familias dos alumnos e alumnas matriculados en **1º e 2º de E. Primaria** no vindeiro curso, poden solicitar **as axudas para libros de texto e material escolar ata o 21 de xuño**.

As familias dos alumnos e alumnas matriculados en **3º,e 4ºde Educación Primaria** no vindeiro curso, poden solicitar no centro o **préstamo de libros de texto e a axuda de material escolar ata o 21 de xuño**.

O alumnado de **5º e 6º de E. Primaria** está incluído para o próximo curso no proxecto de Educación dixital E- Dixgal polo que non vai usar libros de texto e só poderá solicitar a axuda para o material, se cumpre os requisitos.

A solicitude poderase presentar :

- No centro: entregando o Anexo I e II e a documentación.
- Na sede electrónica da Xunta de Galicia: <https://www.edu.xunta.gal/fondolibros/>

	Libros de texto		Material escolar	
	Igual ou menos de 6000 € renda	De 6000 a 10000€ renda	Igual ou menos de 6000 € renda	De 6000 a 10000€ renda
1º e 2º eP	240€	160€	75 €	60€
3º e 4º EP	6 libros	4 libros		
5º e 6º EP	E-dixgal (non precisan libros)			

DOCUMENTACIÓN

- Anexo I e II. (Solicitude **ED330B**)
- Copia do Libro de familia (ou calquera outro documento que acredite a unidade familiar: sentenza de separación ou divorcio, certificado ou volante de convivencia...)
- Certificado acreditativo do grao de discapacidade de calquera membro da familia.

A renda da unidade familiar será o resultado de sumar as rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza. Cando se presentase declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas no **exercicio fiscal 2021**, sumaranse a base impositiva xeral (recadro 435) e a base impositiva do aforro (recadro 460); cando non se presentase, teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

CADA FAMILIA PRESENTARÁ UNHA ÚNICA SOLICITUDE